

I XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

22 de XANEIRO de 2022

A Delegación da FGA en Lugo coa colaboración dos clubs da cidade e **co patrocinio da Deputación de Lugo**, organiza a 1ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 22 de xaneiro de 2022**, en xornada de mañá, e tarde no módulo cuberto e na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que cumpran as seguintes condicións:

- Atletas con ficha pola F.G.A. ó longo da tempada actual (2022) que pertencen a clubs galegos ou de outras CC.AA,
- Atletas dende categoría **sub-14 en adiante (os sub-14 só nas probas indicadas)**

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

Art. 3. HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
PROBAS AIRE LIBRE		
LANZAMENTO XAVALINA - grupo B	11:00	1000m (sub 14)
1000ml (sub 14)	11:10	
	11:20	1000m (sub 16)
1000m (sub 16)	11:30	
	11:45	3000m
3000m	12:00	LANZAMENTO XAVALINA - grupo B
	12:20	500m (sub 14)
500m (sub 14)	12:30	
	12:45	800m
800m	12:55	
	13:10	300 ml
LANZAMENTO XAVALINA - grupo A	13:15	LANZAMENTO XAVALINA - grupo A
300 ml	13:20	
	13:35	400 ml
400 ml	13:45	
PROBAS MÓDULO CUBERTO		
SALTO LONXITUDE	17:00	SALTO DE ALTURA
60 ml (sub 14)	17:20	60 ml (sub 14)
	17:45	60 ml - semifinais
LANZAMENTO DE PESO	18:15	SALTO LONXITUDE
60 ml - semifinais	18:30	
SALTO DE ALTURA	19:20	LANZAMENTO DE PESO
		60 ml - Finais A-B
60 ml - Finais A-B	19:35	
	19:45	60mv (0.76m)
	19:55	60 mv (0.84m)
60 mv (0.91m)	20:05	
60 mv (0.91-0.99-1.06)	20:15	

Art. 4. PARTICIPACIÓN: Terán prioridade na inscrición os atletas lucenses sobre os foráneos.

Art. 5. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Art. 6. Nas probas de carreiras indicárase a mellor marca. Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 7. Tentativas, Cadencia e Mellora:

PROBA	PARTICIPANTES	TENTATIVAS OU CADENCIA	
SALTO ALTURA	12	MAS: 1.30-40-60-65-75-78	FEM: 1.20-30-35...-48-51
SALTO LONXITUDE	14	4 tentativas + 2 mellora para 4 primeiros	
LANZAMENTO PESO	14	4 tentativas + 2 mellora para 4 primeiros	
LANZ XAVELINA - B	12	4 tentativas	
LANZ XAVELINA - A	5+5	4 tentativas + 2 mellora para 3 primeiros	

Art. 8. Os atletas retirarán o seu dorsal no control de acceso unha vez ensinen o certificado de vacinación. Os atletas deberán abandonar a instalación (módulo), á maior brevidade posible, unha vez finalizada a súa participación.

Art. 9. A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente na proba a sanción será de 5€.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao xoves ás 23:59h darán lugar á tramitación da correspondente sanción, agás no caso de lesión, enfermidade ou confinamento que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24h despois da celebración da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

Art. 10. O acceso ao módulo cuberto será restrinxido, non estando permitido o acceso de público, por Protocolo Covid-19 a organización acreditará a 1 adestrador por cada 10 atletas que presente cada clube participante; deberán cubrir o formulario habilitado ao efecto no sitio web <https://www.atletismo.gal>. No módulo será obrigatorio permanecer coa mascarilla posta.

Art. 11. Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art. 12. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 10 de xaneiro de 2022

O Delegado en Lugo da F.G.A.

PATROCINA:

ORGANIZA:

COLABORA: